

VI. ANUNCIOS**B) ADMINISTRACIÓN LOCAL****CONCELLO DA CORUÑA**

ANUNCIO de información pública sobre o convenio urbanístico mixto de planeamento e execución urbanística para a renovación urbana e posta en valor do espazo litoral dos polígonos RB1, RB2 e RB3 e dos núcleos Xubias de Arriba e Xubias de Abaixo da ría do Burgo (expediente 631/2024/172).

A Xunta de Goberno Local, na sesión que tivo lugar o 30.7.2024, acordou a tramitación do convenio urbanístico mixto de planeamento e execución urbanística para a renovación urbana e posta en valor do espazo litoral dos polígonos RB1, RB2 e RB3 e dos núcleos Xubias de Arriba e Xubias de Abaixo da ría do Burgo.

En cumprimento do disposto no artigo 168 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, e artigo 401 do seu regulamento, unha vez que o dito convenio foi subscrito, sométese o expediente a información pública polo prazo dun (1) mes, contado dende o día seguinte ao da última das publicacións deste anuncio, no *Diario Oficial de Galicia* ou nun dos xornais de maior difusión na provincia, para que calquera persoa poida examinar o convenio e formular as alegacións que procedan.

A documentación do convenio estará á disposición no taboleiro de anuncios da sede electrónica do Concello, na epígrafe de información urbanística, e na web de Urbanismo, na epígrafe de exposición pública. Tamén poderá consultarse fisicamente nas dependencias da Área de Urbanismo, Rehabilitación e Vivenda do Concello da Coruña (praza de Indalecio Prieto, 1-3), das 9.00 ás 13.00 horas.

A Coruña, 6 de agosto de 2024

A alcaldesa

P.D. (Decreto 3531/2024, do 19 de xuño; BOP núm. 123, do 27 de xuño)

Francisco Dinís Díaz Gallego

Concelleiro delegado responsable da Área de Urbanismo, Rehabilitación e Vivenda

CVE-DOG: z8tlyiw0-11i9-mn86-4pr1-ctofb7ehiqj9

